

**DILIXENCIA.-** Esténdoa eu, Concelleira Secretaria da Xunta de Goberno Local, para facer constar que a Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria urxente de data 8 de agosto de 2008 adotou, entre outros, o seguinte acordo:

**“14.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN E POSTA EM MARCHA DUNHA REDE CON TECNOLOXÍA WIMAX NO CASCO HSITÓRICO ASÍ COMO A SÚA XESTIÓN, MANTEMENTO E EXPLOTACIÓN.**

Consonte coa proposta da Mesa de contratación constituída para a licitación da Subministración e posta en marcha dunha rede con tecnoloxía WIMAX no Casco Histórico así como a súa xestión, mantemento e explotación, a Xunta de Goberno Local acorda:

**PRIMEIRO:** Excluir da licitación a oferta da empresa ACORDE TECHNOLOGIES, SA, por non axustarse a súa proposición ao modelo establecido no prego de condicións e non asinar a proposición económica.

**SEGUNDO:** A adxudicación provisional do contrato á empresa **COLABORA INGENIEROS, SL** que oferta un importe de 367.686'02 euros para o subministro e 16.000 euros/ano para a xestión, mantemento e explotación da rede (IVE 16% do total: 66.509'76 euros), por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas e reunir os requisitos que esixe o prego de condicións que rexe esta licitación.

A Xunta de Goberno Local acorda igualmente, unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte a aquél no que se publique a adxudicación provisional no perfil de contratante do Concello, e sempre que neste prazo o adxudicatario aportase a documentación xustificativa de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social e constituise a correspondente garantía definitiva, procederase á elevación a definitiva da adxudicación provisional.

O gasto satisfacerase con cargo á partida orzamentaria 45300 22604, do seguinte xeito:

2009 .....	18.560,00 euros
2010.....	18.560,00 euros
2011.....	18.560,00 euros”

A Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local

Asdo/ Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales